



## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE DECEMBRO DE 2017

### ASISTENTES:

#### **Alcalde- Presidente:**

D. José Luis Oujo Pouso.

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns.

D. Antonio Romero Ribeiro.

D. José Manuel Deán Pouso.

#### **Secretario:**

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as 14:00 horas do día **21 de decembro de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

### **1.- APROBACIÓN DE ACTAS.**

1.1.- Acta do 30 de novembro de 2017.

### **2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

2.1.- Comunicacions previas de obra.

### **3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

3.1.- Trámite de audiencia en procedemento de reposición da legalidade urbanística.

### **4.- XESTIÓN DE PERSOAL.**

4.1.- Aprobación da oferta de emprego público para 2017.

### **5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.**

## **1. APROBACIÓN DE ACTAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondentes á sesión extraordinaria do 30 de novembro de 2017.



## **2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.



**11/** No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**12/** Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: "*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*"

**13/** Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

## **2.1) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.**

### **2.1.1- Expediente nº 219/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. María del Pilar Santiago Miniño o 19/09/2017 (r.e. 5839) para realizar obras de "**pavimentación exterior e execución de pérgola**" na vivenda situada no lugar de Carballal, 28- Xuño, con referencia catastral 7914007MH9271S0001MS.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
850,00 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

### **2.1.2.- Expediente nº 259/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios Urbanización Pardal o 22/11/2017 (r.e 7222) para realizar obras de "**reparación de cuberta e elementos de evacuación de augas pluviais**" no edificio situado no lugar de O Mariño, coa referencia catastral 4746005NH0344N.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
68.824,90 euros	2%	<b>1.376,50 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

### 2.1.3- Expediente nº 266/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Asociación de Veciños Sartaxas o 27/11/2017 (r.e. 7312) para realizar obras de "**reparación e pintado de fachada, reparación de tellado e colocación dun cano**" no inmovible situado no lugar de Carballido, 21- Xuño, coa referencia catastral 8102218MH9280S0001BX.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.049,59 euros	2%	<b>40,99 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".



## 2.1.4- Expediente nº 265/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de propietarios Edificio Santa Bárbara o 27/11/2017 (r.e. 7301) para realizar obras de **"substitución de fiestras en cuberta e reparación de sistema de recollida de pluviais "** do edificio sito na Avenida da Constitución, 61- Portosín, coa referencia catastral 4541502NH0344S0102HA.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.735,00 euros	2%	<b>94,70 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

## 2.1.5- Expediente nº 270/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Avelina García Otero o 01/12/2017 (r.e. 7443) para realizar obras de **"colocación de 15 tubaxes e sumidoiro na fronte da parcela "** sita no lugar de Seráns, 3- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 002200500MH91H0000PX.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
480,00 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

## 2.1.6- Expediente nº 274/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Juan Manuel González Cernadas o 11/12/2017 (r.e. 7598) para realizar obras de “**muro de peche**” da finca sita no lugar de Agra, s/n, coa referencia catastral 8005446MH9280N0001GF.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
23.522,00 euros	2%	<b>470,44 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

## **3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

### **3.1) TRÁMITE DE AUDIENCIA EN PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada mediante o decreto da Alcaldía- Presidencia nº 406/2015, do 18 de xuño.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do 23/03/2017 se resolveu iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística a D. Domingo González Calo polas obras de construción dunha edificación sen axustarse á licenza outorgada o 12/07/2016 pola Xunta de Goberno Local (expte. 54/2016), na parcela situada na rúa Campanario, 18- Portosín, con referencia catastral 4539005NH0343N0001QT.

Visto que o anterior acordo se lle notificou ao promotor das obras o 17/04/2017 sen que durante o prazo outorgado para alegacións formulase ningunha.



Visto que o 01/12/2017 os servizos técnicos municipais emitiron informe, en relación cos procedementos de solicitude de licenza de obra (expte. 84/2016) e de reposición da legalidade urbanística, no que se fai constar:

**“Informe:**

**Antecedentes:**

- En sesión ordinaria de data 12 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno Local outorgou licenza para “construción dun alpendre para almacén” a D. Domingo González Calo segundo proxecto básico redactado polo arquitecto Daniel Puerta Martín, con número de expediente de obra 84/2016.
- En data 20 de marzo de 2017, levouse a cabo a visita de inspección para comprobar a natureza das obras que se están a levar a cabo no número 18 da rúa Campanario de Portosin (referencia catastral 4539005NH0343N0001QT).
- En data 21 de marzo de 2017, a técnico que subscribe emitiu informe no que se conclúe que as obras que se están a levar a cabo non se axustan ás condicións da licenza outorgada ao expediente 84/2016 polos seguintes puntos, sen prexuízo doutros que non se puidesen verificar por non ter acceso á parcela:
  - Xirouse noventa graos a posición da edificación na parcela, o que podería conlevar un incumprimento dos recuamentos, xa que na posición que se recolle no proxecto estaba ao límite. Non obstante o cumprimento de recuamentos quedaría pendente de verificación.
  - Increméntase a altura da edificación, que a simple vista supera os 2,44m ata a cornixa. A altura exacta quedaría pendente de verificación.
  - Increméntase o número de plantas, cunha planta máis que a edificación recollida no proxecto, que se desenvolvía en planta baixa.
  - Modifícanse os ocos de fachada con respecto ao que se recolle no proxecto.
- En data 21 de marzo de 2017, mediante Decreto 158 ordénase a paralización da obra, dándose traslado ao técnico redactor do proxecto que foi licenciado, ao construtor e ao promotor.
- En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local reunida en data 23 de marzo de 2017, iniciouse o procedemento de reposición da legalidade urbanística pola execución de obras sen axustarse a licenza, dándose traslado ao técnico redactor do proxecto que foi licenciado, ao construtor e ao promotor.
- En data 12 de abril de 2017, con r.e.nº2234, D. Daniel Puerta Martín, arquitecto redactor do proxecto que obtivo licenza, presenta escrito de alegacións polo que manifesta que iniciou o trámite ante o COAG para o cese na dirección da obra, por non ter coñecemento da mesma dende o seu inicio.
- No expediente non constan mais alegacións.
- En data 01 de decembro de 2017, a técnico que subscribe xirou visita de inspección á obra en presenza do promotor e dun axente da policía local.

**Condicións urbanísticas:**



*Clasificación do solo: Segundo o plano Serie O-3, Follas 7-P e 7-Q, a finca ten clasificación de **Solo Urbano, ordenanza 5 de edificación residencial en tramas de orixe rural (ER), de grao 2.***

*A disposición transitoria primeira da LSG regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto a) establece que Ao solo urabano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

*Realizada visita de inspección, obtivéronse os seguintes datos:*

*A posición da edificación con respecto da aliñación **non cumpre o recuamento mínimo esixido de 4m**, así como que o **recuamento con respecto ao lindeiro suroeste é inferior aos 3m mínimos esixidos** en parte da edificación.*

*A altura da edificación é inferior á altura máxima permitida (7m), contando cunha altura aproximada de 4,70m na fachada surleste, e 5,50m na fachada noroeste.*

*A altura interior da planta baixa é de 2,50m entre cara superior do forxado de chan e cara inferior do forxado de teito.*

*A obra en construción ten unha superficie en planta duns 48m<sup>2</sup> (6mx8m).*

*Segundo datos catastrais, a finca formaría parte dunha máis grande, que xa está edificada cunha vivenda unifamiliar, sen embargo, cando o promotor solicitou a licenza para construción de alpendre, aportou título de propiedade independente, polo que contaría cunha parcela de 318,65m<sup>2</sup>, sen prexuízo dun levantamento da parcela na que se recolla a medición real.*

*Respecto ao cumprimento da superficie mínima de parcela, neste caso estaríamos ante un suposto de excepcionalidade que recolle a ordenanza de aplicación no seu punto 6.2.6.3 polo que se poderá admitir excepcionalmente a edificación en parcelas inferiores á mínima cando "Aínda que non cumpran as condicións de superficie mínima do apartado a) anterior, poderase admitir tamén cando estean xa construídas as parcelas medianeiras e/ou non existan parcelas limítrofes que poidan incorporar".*

*Sen prexuízo de que se aporte un levantamento da parcela, tomando neste momento como superficie a que consta no título de propiedade, a ocupación e a edificabilidade consumidas estarían por debaixo do límite máximo permitido.*

*En canto ao uso, aínda non está definido á vista das obras executadas, pero semella que se pretendese levar a cabo unha vivenda unifamiliar illada, o cal, segundo o réxime de usos recollido na ordenanza, sería un uso permitido. Para elo, a edificación debería reunir os requisitos que esixe o Decreto 29/2010, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas en Galicia (NHV). Tendo en conta isto, cabe sinalar que debido a altura que ten a planta baixa, que é de 2,50m libres entre os forxados de solo e teito, e a altura libre esixida pola norma é de 2,70m libres entre o forxado de solo e teito, o uso vivenda non sería posible nesta planta, aínda que podería caber outro uso, como podería ser o de garaxe, que ten unha esixencia menor en canto a alturas se refire. A maiores, dado o estado de execución da obra, non se puido verificar se a planta baixa conta coa cámara de aire ventilada esixida polo apartado I.A.5 das NHV,*





nin se pode afirmar que sexa posible desenvolver o programa mínimo funcional de vivenda naquelas partes da obra que puideran ser legalizables.

### **Conclusión:**

Na opinión da técnico que subscribe, as obras executadas ata o momento non son legalizables, dado que se incumpre recuamentos a lindeiros e con respecto á fronte da edificación.

Non obstante, sen prexuízo da comprobación de tódolos parámetros que se contiveran nun proxecto técnico, podería legalizarse parte da obra para destinala a aqueles usos recollidos na ordenanza, e respecto dos cales se cumprisen as condicións esixidas polas respectivas normativas de uso de aplicación, no caso de que se demolesen aquelas partes da edificación que exceden dos recuamentos citados, e no volume resultante puidera incluírse o programa dos usos permitidos.

Neste último caso procedería demolición daquelas partes que non se axustan á normativa, legalización da construción que resta, e outorgamento de licenza para remate das obras para destinalas ao uso que se considere oportuno, en base ás posibilidades de cumprimento da súa respectiva normativa.

Emitese a presente conclusión sen prexuízo do que derivase da comprobación dun proxecto técnico que recollese as obras e xustificase o cumprimento da normativa técnica de aplicación."

Considerando que, segundo dispón o art. 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) antes da resolución do expediente se dará audiencia ao interesado.

### **ACORDA:**

Outorgar aos interesados trámite de audiencia, por un prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao de recepción da notificación deste acordo, a fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes ao seu dereito."

## **4. XESTIÓN DE PERSOAL.**

### **4.1) APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA 2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **"ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 05/05/2017 aprobáronse os Orzamentos Xerais do Concello de Porto do Son para o exercicio 2017, así como o cadro de persoal.

No Cadro de Persoal aprobado conxuntamente cos Orzamentos para 2017 figuran como vacantes as seguintes prazas:

<b>FUNCIONARIOS DE CARREIRA</b>	<b>GRUPO</b>
1 Técnico de xestión	A2
1 Oficial de Policía Local	C1



1 Auxiliar administrativo

C2

**Segundo.-** En data 15/12/2017 a Concelleira Delegada de Facenda e Persoal formulou unha proposta de Oferta de Emprego Público para o ano 2017, comprendendo as prazas vacantes indicadas no apartado anterior.

**Terceiro.-** O 18/12/2017 reuniuse a Mesa Xeral de Negociación do Concello de Porto do Son, que aprobou a proposta de Oferta de Emprego Público para o ano 2017 da Concelleira Delegada de Facenda e Persoal.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O art. 70 TREBEP dispón que as necesidades de recursos humanos que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da oferta de emprego público (OEP) ou instrumento similar para a xestión da provisión das necesidades de persoal, e que a OEP se aprobará anualmente polos órganos de goberno das Administracións Públicas e se publicará no diario oficial correspondente.

**Segundo.-** O art. 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2017 (LOXE 2017) unicamente permite a incorporación de novo persoal ás entidades que conforman o Sector Público con suxeición ás limitacións que nesa lei se establecen, sen exceder a porcentaxe da taxa de reposición de persoal que determina e, que é do 100% nas Administracións Públicas, respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.

Neste derradeiro sector da Administración Pública encádranse as funcións que lle corresponderían ao técnico de xestión.

**Terceiro.-** A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia establece no seu art. 30 que *"o número mínimo de efectivos con que contarán os corpos de Policía Local será de dous policía e un oficial"*.

A norma exposta pon de manifesto que debe existir, como mínimo, un oficial de policía local en cada corpo de Policía Local.

**Cuarto.-** O art. 23.2 a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia establece que os postos vacantes desempeñados por persoal funcionario interino deben incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio no que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, agás que se decida a súa amortización ou, no caso do persoal docente, que a planificación educativa o impida.

A Disposición Adicional 1ª do RD 896/1991, do 7 de xuño, aproba as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local dispón que as prazas de funcionario cubertas interinamente *"deberán incluírse necesariamente na primeira convocatoria de provisión de postos de traballo ou na primeira oferta de emprego que se aprobe"*.

Ao respecto desta previsión, a xurisprudencia máis recente (STX Aragón do 09/01/2016, p.e.) considera que nos supostos legais descritos non resulta aplicable a porcentaxe da taxa de reposición de efectivos.



No Cadro de Persoal do Concello de Porto do Son está ocupado por persoal funcionario interino un posto de auxiliar administrativo.

**Quinto.-** O art. 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúelle ao Alcalde- Presidente a competencia para aprobar a oferta de emprego público que, no Concello de Porto do Son, foi delegada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local (decreto 406/2015, do 18 de xuño).

Visto canto antecede, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar a Oferta de Emprego Público para o ano 2017 do Concello de Porto do Son, composta polas seguintes prazas:

Natureza	Grupo	Subgrupo	Escala	Subescala	Denominación	Vacantes
Funcionario	A	A2	Admon. xeral	Xestión	Técnico de xestión	1
Funcionario	C	C2	Admon. xeral	Auxiliar	Auxiliar administrativo	1
Funcionario	C	C1	Admon. especial	Servizos especiais	Oficial de policía	1

**Segundo.-** Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do concello.

## **5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.**

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:25 horas**, do día **21 de decembro de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO,

Asdo. José Manuel González García.

